



Concello de Xinzo de Limia

NOTIFICACIÓN COLECTIVA ESGOTAMENTO DE BOLSA DE CONTRATACIÓN DOCENTES DE CLARINETE CONSTITUIDA EN DATA 18/02/2022 **(ARTIGO 45 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO DE PROCEDEMENTO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS)**

Por **Decreto de Alcaldía** de data 02/09/2022 resolveuse:

**“DECRETO ESGOTAMENTO BOLSA DE CONTRATACIÓN DE DOCENTES CLARINETE
CONSTITUÍDA EN DATA 18/02/2022**

**Visto Decreto de constitución de Bolsa de Traballo de Docente de Clarinete de data 18/02/2022 do
seguinte teor literal:**

“DECRETO CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE TRABALLO DOCENTE CLARIENTE

Visto Decreto de Alcaldía de data 28/01/2022 en virtude do cal aprobáronse as bases e realízouse a convocatoria para a constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias da profesora de clarinete do conservatorio municipal.

Vista acta do Tribunal calificador de data 17/02/2022

Visto que o aspirante de maior puntuación presentou en data 18/02/2022 unha solicitude de suspensión de chamamento, acreditando estar traballando neste momento.

Considerando que na tramitación do expediente observáronse ós requisitos mínimos esixidos pola lexislación sobre a materia, en virtude das facultades que me outorga o artigo 21.1 h) e s) da Lei 7/85, reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 41.14 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, veño en **RESOLVER:**

1º.- Constituír **BOLSA DE TRABALLO PARA DOCENTE CLARINETE**, coas seguintes integrantes e pola seguinte orde:

1	ALEXANDRE	NOVO RODRIGUEZ
2	MIGUEL	MOREIRA MATA


2º.- Aceptar a suspensión de chamamento solicitada polo aspirante seleccionado en primeiro lugar, indicando que este aspirante permanecerá na Bolsa de Contratación, polo que poderá acudir o seguinte chamamento o traballo que se realice.

3º.- Comunicar o presente acordo ao Departamento de Persoal.”

Vistas as renuncias a incorporación da totalidade dos integrantes da bolsa e a urxente necesidade de proceder a contratación dun/dunha docente de clarinete ante o inminente inicio do curso e ausencia da titular da praza.

RESOLVO

1. Declarar o esgotamento da bolsa de contratación consituída por decreto de data 18/02/2022, advertindo que





Concello de Xinzo de Limia

non se realizarán novos chamamentos en base a mesma.

2. Indicar que con carácter inmediato iniciárase os trámites para a constitución dunha nova bolsa de contratación.
3. Dar conta o plenario desta resolución na vindeira sesión que este celebre.”

RECURSOS: *Contra o contido do mencionado acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer de xeito potestativo o RECURSO DE REPOSICIÓN diante do mesmo órgano que o ditou e no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso de reposición entenderase desestimado se no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á interposición, o órgano competente para resolve-lo non ditara e notificara resolución expresa.*

Contra a resolución expresa do recurso de reposición, ou ben directamente (sen recurso administrativo), poderá interpoñer o RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO diante do Xulgado Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, prazo que será de seis meses no caso de non resolverse de xeito expreso o recurso de reposición, contados a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto; todo isto de conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Advírteselle tamén que poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer-las accións que procedan diante da Xurisdición competente.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



Cod. Validación: 7HHM3R7KSR5W7TQTCZRS LRZTE | Corrección: <https://xinzo.delimia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2